



# BOP

MÉRCORES, 25 DE SETEMBRO DE 2024 N.º 223

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

*Anuncio*

#### CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DOS PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” E DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2024

En relación co asunto de referencia, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 20 de setembro de 2024 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1º Aprobar a concesión dos Premios “Lugo Cambia ao turismo lucense” ás seguintes candidaturas:

- Ruta dos Lobos da Fonsagrada (Asociación Fonsagrada Balompíe).
- Complexo Histórico e Recreativo das Minas Consuelo e Boulosso do Concello da Pontenova.

2º Aprobar a concesión dos Premios “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense” ás seguintes candidaturas:

- Feira do Capón de Vilalba.
- Festa da cereixa, do viño e do aceite do Concello de Ribas de Sil.

3º Aprobar a concesión do “Premio Turismo Sostible” á candidatura do Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen do Concello de Burela.

4º Aprobar a concesión dun accésit ao “Premio Turismo Sostible” á candidatura da Mostra Exposición de Muimenta (MOEXMU) presentada pola Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Muimenta.

5º- Aprobar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo. En caso de optar polo recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso- administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 20 de setembro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2799

## SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

## Anuncio

CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA DE PEÓN/PEOA REPARACIÓNS VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo, que se reproduce de xeito literal:

*“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de peón/peoa reparacións vías provinciais, cota xeral, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.*

*Celebrado o procedemento selectivo, a vista da proposta do Tribunal Cualificador publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo o día 26.04.2024, conséntase que, tanto a persoa seleccionada como a primeira persoa que figura na proposta da orde de persoas para asegurar a cobertura de vacantes e para a incorporación nas listaxes de emprego temporal, foron contratadas como consecuencia doutros procesos selectivos.*

*A vista do anteriormente sinalado e tendo en conta que a seguinte persoa aspirante proposta, que figura no número 2 da orde de inclusión na dita listaxe de emprego temporal, presenta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo así os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:*

***Don Diego Ferreiro Rodríguez**, para ocupar a praza número 3322, denominada peón/peoa reparacións vías provinciais, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa reparacións vías provinciais entrada número 1437, vinculado á citada praza.*

*A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”*

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 24 de setembro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, Jose Antonio Mourelle Cillero.

R. 2817

## CONCELLOS

## BÓVEDA

## Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía do 18/09/2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección dun posto de **Administrativo/a**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base cuarta (4ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentáronse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:00 / 14:00 horas-, durante o prazo de **dez (10) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeneral do Concello de Bóveda (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 18 de setembro do 2024.- O Alcalde, José Manuel Arias .

R. 2785

## FOLGOSO DO COUREL

### Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 19/09/2024, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 23/2024 SC 02/2024) por importe de 4.379,54 euros, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 19 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2786

### Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 18/2024 SC 01/2023), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 23/08/2024 por importe de 29.404,69 €, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

#### ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

APLICACION ORZAMENTARIA	DESCRICION	EXPEDIENTE MUNICIPAL	CONCEPTO	IMPORTE
241.22199	Fomento do emprego. Outros subministrados	138/2024	Obradoiro de Emprego	20.000,00
459.619	Outras infraestruturas. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	74/2024	Subvención Rede Natura 2000: RESTAURACION DE DOUS LAVADOIROS SITOS NA PARROQUIA DE MEIRAOS E SEOANE DO COUREL" FOLGOSO DO COUREL (LUGO)	3.073,72
172.619	Protección e mellora do medio ambiente. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	179/2023	Subvención Reserva da Biosfera "EXECUCIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS NA RESERVA DE LA BIOSFERA RIBEIRA SACRA E SERRAS DO ORIBIO E COUREL, NO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL (LUGO)"	6.330,97
<b>TOTAL</b>				<b>29.404,69</b>

#### ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

APLICACION ORZAMENTARIA	DESCRICION	IMPORTE
870.00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais	29.404,69
<b>TOTAL</b>		<b>29.404,69</b>

Folgozo do Courel, 19 de setembro de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2787

## LUGO

### Anuncio

#### Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 6296/2024 de 1 de xullo de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **XUÑO de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 16 de xullo ata o día 16 de agosto de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 19 de setembro de 2024.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 2788

### Anuncio

#### Edicto de Exposición ao público

A través do Decreto número 6297/2024 de 1 de xullo de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de centro de día correspondente ao **segundo trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197 Lugo, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: **dende o día 16 de xullo ao 16 de agosto de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 19 de setembro de 2024.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 2789

---

*Anuncio***Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número **6971/2024** aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondientes ao **segundo trimestre de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día **2 de agosto** ata o día **2 de setembro de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advertese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 29 de xullo de 2024.- A concelleira delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 2790

---

**NAVIA DE SUARNA***Anuncio*

Oferta de Emprego Público 2023.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 10/09/2024, adoptou acordo de aprobar a oferta e de empregopúblico deste Concello para o ano 2023, que contén a seguinte praza: PEÓN/A CONDUTOR/A DE MAQUINARIA. PERSOAL LABORAL FIXO.

Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios do Concello, así como na sede electrónica do mesmo e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Navia de Suarna, 19 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2791

---

**SOBER***Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Exp. 331/2024**

**Nomeamento profesoras do Punto de Atención á Infancia. Proceso estabilización**

O 12.06.2024 publícase no BOP de Lugo núm. 135 a convocatoria e bases para a selección entre outros, de dúas prazas de profesora do Punto de Atención a Infancia do Concello de Sober incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria para a estabilización do persoal laboral temporal aprobada en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O 24.06.2024 publícase a convocatoria no BOE e iníciase o prazo para presentación de instancias que rematou o 15.07.2024.

Por Resolución nº 2024-0337 do 16.07.2024 aprobouse o nomeamento do tribunal cualificador.

Por Resolucions 2024-0362 e 2024-0425 apróbanse a listaxes provisionais e definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización. Ambas a dúas publicadas en cadanseu anuncio no BOP nº174 de 29.7.2024 e nº 191 de 19.08.2024.

O Tribunal de selección reuniuse o 20.08.2024 para a valoración do méritos e formación da bolsa de emprego, formulando proposta para a contratación laboral fixa de PAULA RODRÍGUEZ OTERO e MARIA DEL CARMEN AGRELO VÁZQUEZ para os postos de profesoras do Punto de Atención á Infancia (PAI) por ser as aspirantes mellor valoradas e proposta para a formación da bolsa de emprego integrada polo resto de aspirantes participantes no proceso de selección.

De conformidade coa Base 10 das bases aprobadas que rexen o proceso de estabilización, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar como profesoras do Punto de Atención a Infancia do Concello de Sober en réxime de persoal laboral fixo a PAULA RODRÍGUEZ OTERO e MARIA DEL CARMEN AGRELO VÁZQUEZ.

Segundo.- Conformar a bolsa de emprego para os ditos postos de traballo consonte a proposta do Tribunal que se indica a seguir:

Nº Orde	APELIDOS E NOME
1	ISABEL SERÉN SERÉN
2	ANDREA PÉREZ MACÍA
3	PURIFICACIÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ
4	ANDREA PALLÍN LÓPEZ
5	MARÍA LÓPEZ NIEVES
6	ANA LÓPEZ RODRÍGUEZ
7	ALBA MARIÑO RODRÍGUEZ

Terceiro.- Notificar as interesadas indicándolle o réxime de recursos procedente.

Cuarto.- Ordear a publicación do nomeamento e formación da bolsa de emprego no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no BOP de Lugo, advertindo que a formalización do contrato farase no prazo máximo dun mes desde a publicación no BOP.

Quinto: Formalizar os contratos laborais fixos.

Sexto.- Dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

Sétimo.- Informar de que contra a presente resolución da Alcaldía poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC) e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro.

Sober, 23 de agosto de 2024.- O Alcalde P.A, (27.05.2024) O Primeiro tenente de alcalde, Francisco Vázquez Pérez. Dou fe, A Secretaria-interventora, Elena González López.

R. 2792

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Exp. 331/2024

#### Nomeamento educadora do Punto de Atención á Infancia. Proceso estabilización

O 12.06.2024 publícase no BOP de Lugo núm. 135 a convocatoria e bases para a selección, entre outros, de unha praza de educadora do Punto de Atención a Infancia do Concello de Sober incluída na Oferta de Emprego Público extraordinaria para a estabilización do persoal laboral temporal aprobada en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O 24.06.2024 publícase a convocatoria no BOE e iníciase o prazo para presentación de instancias que rematou o 15.07.2024.

Por Resolución nº 2024-0337 do 16.07.2024 aprobouse o nomeamento do tribunal cualificador.

Por Resolucións 2024-0361 e 2024-0424 apróbanse a listaxes provisionais e definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización. Ambas a dúas publicadas en cadanseu anuncio no BOP nº174 de 29.7.2024 e nº 191 de 19.08.2024.

O Tribunal de selección reuniuse o 20.08.2024 para a valoración do méritos e formación da bolsa de emprego, formulando proposta para a contratación laboral fixa de GEMMA MARÍA SAA GONZÁLEZ para os postos de profesoras do Punto de Atención á Infancia (PAI) por ser as aspirantes mellor valoradas e proposta para a formación da bolsa de emprego integrada polo resto de aspirantes participantes no proceso de selección.

De conformidade coa Base 10 das bases aprobadas que rexen o proceso de estabilización, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar como educadora do Punto de Atención a Infancia do Concello de Sober en réxime de persoal laboral fixo a GEMMA MARÍA SAA GONZÁLEZ

Segundo.- Conformar a bolsa de emprego para os dito posto de traballo consonte a proposta do Tribunal que se indica a seguir:

Nº Orde	APELIDOS E NOME
1	ISABEL SERÉN SERÉN
2	PATRICIA CARBÓN PRADO
3	PURIFICACIÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ
4	ANDREA PALLÍN LÓPEZ
5	MARÍA LÓPEZ NIEVES
6	ISABEL SIMIL ROMERO
7	NEREA EXPÓSITO BAAMONDE
8	ANA LÓPEZ RODRÍGUEZ
9	ALBA MARIÑO RODRÍGUEZ

Terceiro.- Notificar a interesada indicándolle o réxime de recursos procedente.

Cuarto.- Ordear a publicación do nomeamento e formación da bolsa de emprego no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no BOP de Lugo, advertindo que a formalización do contrato farase no prazo máximo dun mes desde a publicación no BOP.

Quinto: Formalizar o contrato laboral fixo.

Sexto.- Dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

Sétimo.- Informar de que contra a presente resolución da Alcaldía poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC) e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro.

Sober, 23 de agosto de 2024.- O Alcalde P.A, (27.05.2024) O Primeiro tenente de alcalde, Francisco Vázquez Pérez. Dou fe, A Secretaria-interventora, Elena González López.

R. 2793

*Anuncio*

## RESOLUCIÓN

Exp. 331/2024

**Nomeamento persoal da Escola de Música e Banda de Música de Sober Proceso estabilización por concurso.**

O 12.06.2024 publícase no BOP de Lugo núm. 135 a convocatoria e bases para a selección, entre outros, dos postos de profesor/a da Escola de Música de Sober e director/a da Banda de Música de Sober, incluídas na Oferta de Emprego Público extraordinaria para a estabilización do persoal laboral temporal aprobada en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

O 24.06.2024 publícase a convocatoria no BOE e iníciase o prazo para presentación de instancias que rematou o 15.07.2024.

Por Resolucións nº 2024-0417, 0418, 0419, 0420, 0421 e 0422 do 13.08.2024 apróbanse a listaxes definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e nomease ao Tribunal de selección, o mesmo para todos os procesos. Estas listaxes foron publicadas no BOP nº 191 do 19.08.2024.

O Tribunal de selección reuniuse o 22.08.2024 para a valoración do méritos e formación da bolsa de emprego, formulando proposta para a contratación laboral que se indica a seguir:

Nome e apelidos	Denominación	Tipo de contrato
MARÍA DEL CARMEN CASTAÑO AIRA	Profesora escola de música especialidade piano	Fixo-discontinuo
RUTH GONZÁLEZ GÓMEZ	Profesora escola de música especialidade flauta	Fixo-discontinuo
JUAN PABLO GIL RODRÍGUEZ	Profesor escola de música especialidade saxofón	Fixo-discontinuo
MANUEL SÁNCHEZ SÁNCHEZ	Profesor escola de música especialidade percusión	Fixo-discontinuo
LAURA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	Profesora/Directora escola de música, especialidade clarinete	Fixo-discontinuo
JOSÉ MIGUEL FRANQUEIRO BECERRA	Director banda de música	Fixo

Bolsa de emprego para o posto de traballo de Director/a escola de música, especialidade clarinete:

Nº Orde	NOME E APELIDOS
1	TERESA JOSEFA CASTAÑÓN GARCÍA-BOENTE

Os/as aprobados/as achegaron a documentación requirida para o seu nomeamento segundo as bases da convocatoria.

De conformidade coa Base 11 das bases xerais aprobadas que rexen o proceso de estabilización do persoal da Escola de Música e da Banda de Música do Concello de Sober, RESOLVO:

Primeiro.- Contratar como profesores da Escola de Música e da Banda de Música do Concello de Sober baixo a modalidade de contratación e para os postos que se indican a seguir as/os seguintes aspirantes aprobados:

Nome e apelidos	Denominación	Tipo de contrato
MARÍA DEL CARMEN CASTAÑO AIRA	Profesora escola de música especialidade piano	Fixo-discontinuo
RUTH GONZÁLEZ GÓMEZ	Profesora escola de música especialidade flauta	Fixo-discontinuo
JUAN PABLO GIL RODRÍGUEZ	Profesor escola de música especialidade saxofón	Fixo-discontinuo
MANUEL SÁNCHEZ SÁNCHEZ	Profesor escola de música especialidade percusión	Fixo-discontinuo
LAURA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	Profesora/Directora escola de música, especialidade clarinete	Fixo-discontinuo
JOSÉ MIGUEL FRANQUEIRO BECERRA	Director Banda de música	Fixo

Segundo.- Conformar a bolsa de emprego para o posto de traballo de Director/a escola de música, especialidade clarinete que se indica a seguir:

Nº Orde	NOME E APELIDOS
1	TERESA JOSEFA CASTAÑÓN GARCÍA-BOENTE

Terceiro.- Notificar aos interesados indicándolle o réxime de recursos procedente.



Cuarto.- Ordear a publicación do nomeamento e formación da bolsa de emprego no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no BOP de Lugo, advertindo que a formalización do contrato farase no prazo máximo dun mes desde a publicación no BOP.

Quinto: Formalizar o contrato laboral que corresponda.

Sexto.- Dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre.

Sétimo.- Informar de que contra a presente resolución da Alcaldía poderase interpor, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC) e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de calquera outro.

Sober, 13 de setembro de 2024.- O Alcalde P.A, (27.05.2024) O Primeiro tenente de alcalde, Francisco Vázquez Pérez. Dou fe, A Secretaria-interventora, Elena González López.

R. 2794

### *Anuncio*

#### **I.- BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR E PAGAMENTO DE GASTOS DE MATRÍCULA DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME, ESTUDANTES DE SECUNDARIA E CICLOS DE FP, BAC E UNIVERSITARIOS DO CONCELLO DE SOBER**

##### **1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS**

O obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar e, no seu caso, gastos de matrícula no centro universitario, de alumnas/os matriculadas/os de Educación Infantil e Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme do Concello de Sober e para alumnos de educación secundaria, ciclos de FP, Alumnos BAC e Universitarios en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Exclúense os gastos de matrícula de estudos non incluídos nos plan de estudos do correspondentes ciclos formativos ou carreiras universitarias así como os gastos de roupa. Con todo, a uniformidade do colexio para Educación infantil ou primaria (mandilóns ou chándal do colexio) considérase gastos subvencionable.

##### **2.- BENEFICIARIAS/OS**

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais, tutores/as ou persoa encargada da garda e custodia das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que a persoa solicitante así como os/as menores beneficiarios/as da mesma, se encontren empadroados e residan efectivamente no Concello de Sober.
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil ( 3 a 5 anos), educación primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2024/2025
3. Estar cursando estudos de secundaria, ciclos de FP, BAC ou universitarios no curso 2024/2025
4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Sober.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Sober:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar ou de estudo, para o curso 2024/2025
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Sober calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

### 3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

- As axudas serán como máximo de 100 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos ou primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2024/2025
- As axudas serán como máximo de 125 euros por alumno que estea cursando estudos de secundaria, ciclos de FP ou BAC no curso académico 2024/2025
- As axudas serán como máximo de 250 euros por alumno que estea cursando estudos universitarios no curso académico 2024/2025

Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.489 do orzamento municipal para o 2024 ata un total de 12.500 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

### 4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o **15 de outubro**.

4.2. LUGAR: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober ( **concellodesober.sedelectronica.gal**).

4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada ou, no seu caso polo pai/nai/titor legal. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante
- 2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso, para as subvencións para libros e material escolar.
- 3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo ou no caso de estudantes de secundaria, ciclos de FP, BAC, ou universitarios de pagamento da matrícula
- 4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar ou de estudos correspondente ao curso escolar 2024/2025
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

### 5.- PUBLICIDADE

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

### 6.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a concesión das axudas será a Alcaldía, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas publicaranse no prazo máximo de un mes, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

### 7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a

beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento ou empresa subministrador/proveedor do material ou dos servizos.

**O prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro.**

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe das Traballadoras Sociais do Concello.

**8. INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS:**

De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaón de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas en los artículos 11 y 12 da Lei 9/2007.
- f) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, realízase a actividade, execútase o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención
- g) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

**9 . DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

Para todas as cuestións non previstas nas presentes bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.

**10. DISPOSICIÓN FINAL.**

As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentaria previsto para este finalidade na aplicación 326.489

No caso de que a contía das achegas solicitadas supere o importe do antedito crédito orzamentario, ordenaranse as solicitudes presentadas por estrito orde de presentación da solicitude.”

**ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONCELLO DE SOBER**

<b>DATOS DA SOLICITANTE (alumno)</b>			
NOME E APELIDOS			
NIF		TELÉFONO	
DIRECCIÓN			
LOCALIDADE		CODIGO POSTAL	

<b>DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (tutor/pai/nai dos alumnos/as menores de idade)</b>			
NOME E APELIDOS			
NIF		TELÉFONO	
RELACIÓN COA SOLICITANTE (nai, pai, titor legal)			
CORREO ELECTRONICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
ENTIDADE BANCARIA	
Nº DE CONTA	

**SUBVENCIÓN SOLICITADA (marcar cun X)**

<input type="checkbox"/>	Axuda para libros e material escolar infantil ou primaria
<input type="checkbox"/>	Axuda para libros e material escolar secundaria, ciclos FP e BAC
<input type="checkbox"/>	Axuda para gastos de matrícula, libros e material escolar universitarios/as

**DOCUMENTACIÓN ACHEGADA (marcar cun X)**

<input type="checkbox"/>	1) Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante
<input type="checkbox"/>	2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso, para as subvencións para libros e material escolar.
<input type="checkbox"/>	3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo ou no caso de estudantes de secundaria, ciclos FP, BAC ou universitarios de pagamento da matrícula
<input type="checkbox"/>	4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
<input type="checkbox"/>	5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
<input type="checkbox"/>	6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención (recibo ou certificado de conta)
<input type="checkbox"/>	7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar ou xustificante de pagamento da matrícula no caso de estudos superiores universitarios, BAC e formación superior correspondente ao curso escolar 2024/2025
<input type="checkbox"/>	8) Calquera outro documento que se considere de interese

A persoa asinante **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1. Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que non estou incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvención previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

2. Que me atopo ao corrente en obrígalas co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. Así como co Concello de Sober. E que autoriza ao órgano instrutor da subvención para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.

3. Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Sober poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, correspóndense cos fins para os que se solicita.

4. Que percibiu as seguintes subvencións para a mesma finalidade:

Denominación	Entidade concedente	Importe

5. Que todos os datos achegados na presente solicitude son certos.

LUGAR E DATA	
SINATURA	

Sober, 13 de setembro de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2795

## TABOADA

### *Anuncio*

#### CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de 18.09.2024 aprobou convocatoria e as "BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN MÁXIMA DE 6 MESES COMO PERSOAL TEMPORAL AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS DA XUNTA DE GALICIA PARA TRANSFERENCIAS FINALISTAS PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL REGULADA NO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO E A CREACIÓN DE NOVA BOLSA DE RESERVA DE VALIDEZ DURANTE 6 MESES".

- Modalidade contratación: A modalidade do contrato será laboral temporal e a súa duración será como máximo de 6 meses na modalidade aumento de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-lei 32/2021.
- Xornada: completa.
- Prazo presentación solicitudes: 5 días hábiles a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.
- Salario: retribución bruta mensual de 1.532,82 € incluíndo o rateo das pagas extras.
- Funcións: as que se especifican nas Bases antes citadas.
- As bases atópanse dispoñibles en:
  - paxina web: : [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)
  - oficinas xerais e taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 18 de setembro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2796

## O VICEDO

### *Anuncio*

#### EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 4 de setembro de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo de 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 4 de setembro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2797

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - SOBER

#### *Anuncio*

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR E PAGAMENTO DE GASTOS DE MATRÍCULA DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) E EDUCACIÓN PRIMARIA DO CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CARME, ESTUDANTES DE SECUNDARIA E CICLOS DE FP, BAC E UNIVERSITARIOS DO CONCELLO DE SOBER

BDNS (Identif.): 786358

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/786358>)

#### BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais, titores/as ou persoa encargada da garda e custodia das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que a persoa solicitante así como os/as menores beneficiarios/as da mesma, se encontren empadroados e residan efectivamente no Concello de Sober.
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil ( 3 a 5 anos), educación primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2024/2025
3. Estar cursando estudos de secundaria, ciclos de FP, BAC ou universitarios no curso 2024/2025
4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Sober.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Sober:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar ou de estudo, para o curso 2024/2025
- b. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- c. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- d. Comunicar ao Concello de Sober calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

### 3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas serán como máximo de 100 euros por cada fillo que estea cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos ou primaria no CEIP Plurilingüe Virxe do Carme , no curso 2024/2025

As axudas serán como máximo de 125 euros por alumno que estea cursando estudos de secundaria, ciclos de FP ou BAC no curso académico 2024/2025

As axudas serán como máximo de 250 euros por alumno que estea cursando estudos universitarios no curso académico 2024/2025

Aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 326.489 do orzamento municipal para o 2024 ata un total de 12.500 euros.

Poderá incrementarse esta contía prevista en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito. Dita ampliación poderá acordarse por Resolución da Alcaldía e deberá publicarse nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

### 4.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

4.1 PRAZO: As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de outubro.

4.2. LUGAR: Departamento de Servizos Sociais do Concello de Sober en horario de 9:00 a 14:00 de luns a venres ou a través da sede electrónica do Concello de Sober ( [concellodesober.sedelectronica.gal](http://concellodesober.sedelectronica.gal)).

#### 4.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ XUNTAR:

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada ou, no seu caso polo pai/nai/titor legal. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI ou NIE do solicitante
- 2) Fotocopia do libro de familia. No seu caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso, para as subvencións para libros e material escolar.
- 3) Certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo ou no caso de estudantes de secundaria, ciclos de FP, BAC, ou universitarios de pagamento da matrícula
- 4) Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e co Concello, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar.
- 5) Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación.
- 6) Datos bancarios do beneficiario ou representante legal para recibir a subvención.
- 7) Facturas xustificativas no que figure o nome do solicitante e do neno/a beneficiario/a da axuda e detalle da compra dos libros e material escolar ou de estudos correspondente ao curso escolar 2024/2025
- 8) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención e calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

### XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento ou empresa subministrador/proveedor do material ou dos servizos.

O prazo máximo de xustificación será ate o 15 de novembro.

Sober, 13 de setembro de 2024.- Alcalde-Presidente, Luis Fernández Guitián.

R. 2798